

PROGRAMACIÓN DE PROBAS LIBRES DE MÓDULOS PROFESIONAIS

1. Identificación da programación

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15025530	les pobra do caramiñal	les da pobra do caramiñal	2023-24

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
19 SAN	sanidade	CM19001	COIDADOS AUXILIARES DE ENFERMERÍA	MEDIO	LIBRE

Módulo profesional

Código MP	Nome	Horas
CM0308	PROMOCIÓN DA SAÚDE E APOIO PSICOLÓXICO AO PACIENTE	130

Profesorado responsable

VICTORIA ROZADOS FERNÁNDEZ

2. Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación

2.1. Primeira parte da proba

2.1.1. Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultados de aprendizaxe do currículo
<p>RA 1-Explicar o proceso de saúde e a súa relación co ambiente físico, emocional e social para coñecer os factores que poidan incidir negativamente no paciente e as súas formas decorrección</p> <p>RA 2-Analizar as condutas e comportamentos específicos da poboación galega e establecer as súas influencias sobre a saúde para poder aplicar as medidas correctoras</p> <p>RA 3- Explicar os aspectos xerais das teorías psicolóxicas sobre a formación da personalidade e comprender as reaccións diferentes das persoas.</p> <p>RA 4- Explicar que é a ansiedade, coñecer as súas causas e precisar que factores xeneran a súa aparición durante a hospitalización e as medidas para evitala.</p> <p>RA 5-Describiron o rol do enfermo e enunciar as reaccións anómalas para corrixilas e mellorar a comunicación co paciente.</p> <p>RA 6- Enunciar as fases e características que se dan na relación paciente-sanitario, e os factores que a poden alterar así como as medidas destinadas a melloralas</p> <p>RA 7-Afrontar diversas situacións de relación con pacientes de características fisiopatolóxicas especiais, (agudos, crónicos, nenos, anciás, enfermos mentais, enfermidades neurodaxenerativas) aplicando as pautas de conduta indicadas en cada caso</p> <p>RA 8- Prestar o apoio psicolóxico adecuado tanto aos pacientes como aos familiares, comprendendo a importancia desta acción para mellorar a relación paciente-sanitario, e o benestar psíquico do enfermo e o seu contorno afectivo</p> <p>RA 9-Explicar as características fundamentais dos programas de promoción da saúde e de prevención de enfermidades específicas para diminuír a súa incidencia na poboación xeral</p> <p>RA 10- Analizar a utilización das canles de información nas actividades de información-formación sanitaria para contribuír a súa difusión e a mellora da oferta asistencial</p>

2.1.2. Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado

Criterios de avaliación do currículo
<ol style="list-style-type: none"> Explicáronse diferentes conceptos de saúde e representouse o continuo saúde-enfermidade. Nombráronse os determinantes de saúde e valoráronse especialmente os dependentes do estilo de vida Clasificáronse correctamente as medidas de prevención Enumeráronse os axentes e campos de actuación da EpS Adaptáronse a situacións reais diferentes modelos de EpS



5. Clasifícaronse os métodos de EpS
6. Valorouse a importancia do seu papel como auxiliares de enfermería na EpS
7. Aprenderóñse as bases biolóxicas dos procesos psicolóxicos
8. Elaborouse o esquema do sistema nervioso
9. Definíronse os procesos cognitivos
10. Diferenciáronse os conceptos de sensación e percepción
11. Establecéronse os diferentes tipos de aprendizaxe
12. Representouse a pirámide de Maslow
13. Identificáronse as contribucións das teorías do desenvolvemento humano ao coñecemento das persoas
14. Relacionáronse as características principais coas etapas evolutivas correspondentes
15. Integráronse as características de cada etapa nos cuidados de enfermería
16. Empregouse axeitadamente o vocabulario da unidade
17. Diferenciáronse os conceptos de personalidade, temperamento e carácter
18. Aprendéronse os principais modelos de teorías da personalidade
19. Identificáronse mecanismos de defensa en supostos de pacientes
20. Aplicáronse técnicas de modificación de conducta en situacións profesionais
21. Reflexionouse sobre os criterios de identificación dunha conducta anormal
22. Empregouse correctamente a terminoloxía da unidade: estrés, ansiedade, eustrés, distrés, ...
23. Enumeráronse e clasificáronse as causas de estrés e ansiedade
24. Identificáronse nos diferentes exemplos presentados ao alumno as manifestacións de ansiedade
25. Diferenciáronse os trastornos de ansiedade empregando os criterios de diagnóstico
26. Describíronse os principais mecanismos para evitar ou disminuir a ansiedade dos pacientes
27. Valorouse a importancia do estrés como causa de enfermidade, e como factor negativo na recuperación dos pacientes.
28. Definíronse os conceptos de enfermidade e da patoloxía
29. Relacionáronse as etapas da historia natural da enfermidade cos niveis de prevención
30. Recoñecéronse as fases do proceso de enfermarse
31. Valorouse o rol de enfermo, os dereitos e os deberes
32. Identificáronse e clasificáronse os tipos de afrontamento
33. Explicáronse as circunstancias estresantes da hospitalización
34. Valorouse a necesidade de humanizar a asistencia sanitaria
35. Esquematizáronse os elementos da comunicación interpersoal
36. Explicáronse os aspectos relativos á comunicación verbal e non verbal, e a importancia dos mesmos no proceso de atención de enfermería.
37. Sinaláronse nun texto elementos da escoita activa: preguntas abertas e parafraseados
38. Aplicáronse correctamente medidas facilitadoras da comunicación en pacientes con diferentes dificultades para a mesma
39. Identificáronse os elementos clave da comunicación terapéutica nos diferentes contextos sanitarios
40. Valorouse a importancia da comunicación terapéutica na práctica da enfermería para humanizar a asistencia sanitaria
41. Empregouse correctamente terminoloxía da unidade
42. Identificáronse as fases da relación de axuda
43. Resolvéronse situacións conflitivas de modo construtivo
44. Identificouse á familia como recurso e fonte de información
45. Enumeráronse as necesidades da familia nas diferentes situacións da enfermidade
46. Explicáronse as medidas de apoio que pode aplicar o auxiliar ante as necesidades da familia
47. Describíronse os problemas físicos e psicosociais dos cuidadores e os mecanismos para disminuir a ansiedade nos familiares do enfermo
48. Esquematizáronse as fases do duelo polas que pasa a familia
49. Valoráronse os principios que rexen o benestar infantil
50. Identificáronse e avaliáronse os indicadores físicos e de comportamento das diferentes tipoloxías de desprotección infantil
51. Recoñecéronse e comprendéronse as experiencias dun neno enfermo
52. Identificáronse os diferentes indicadores da dor no neno
53. Establecéronse as estratexias de intervención para reducir o impacto emocional da enfermidade e discapacidade nos nenos e familias
54. Concretáronse as medidas para contrarrestar o estrés derivado da hospitalización infantil
55. Analizáronse os cambios biolóxicos e psicosociais do envellecemento
56. Establecéronse as características da enfermidade no ancián
57. Describíronse os grandes síndromes xeriatricas
58. Clasificáronse as demencias e definíronse as súas manifestacións
59. Estableceuse o método dunha correcta valoración xeriatrica
60. Esquematizáronse as principais escalas na valoración xeriatrica
61. Revisáronse os recursos sociosanitarios na atención xeriatrica



62. Determináronse as necesidades psicolóxicas do ancián e a actuación do auxiliar de enfermería
63. Valorouse a necesidade de dar respostas específicas ante as características especiais na atención de enfermería en xeriatría
64. Resumíronse as características da enfermidade crónica
65. Identificáronse as reaccións e necesidades do paciente crónico
66. Establecéronse as axudas e apoio psicolóxico preciso por parte do auxiliar de enfermería ante os problemas do paciente e a súa familia
67. Describíronse os rasgos básicos das actividades de axuda das asociacións de familiares e enfermos de patoloxías crónicas
68. Explicáronse as características dalgunhas enfermidades crónicas
69. Aprendéronse os recursos para o manexo da dor crónica e valorouse a súa importancia na calidade de vida do paciente
70. Enumeráronse os factores de risco e vías de transmisión do SIDA
71. Diferenciáronse a enfermidade incurable e a enfermidade terminal
72. Enumeráronse as características da enfermidade terminal
73. Identificáronse e describíronse os coidados paliativos, seus instrumentos básicos e as bases terapéuticas
74. Clasificáronse as fases no proceso da morte segundo Kübler-Ross
75. Recoñecéronse as necesidades psicolóxicas dos enfermos terminais
76. Explicáronse os mecanismos de axuda que se poden empregar en pacientes terminais
77. Asimilouse o concepto de sedación paliativa na agonía, diferenciando do concepto de eutanasia
78. Discutíronse os dilemas éticos que se presentan no coidado de pacientes terminais

2.2. Segunda parte da proba

2.2.1. Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultados de aprendizaxe do currículo

- RA 1-Explicar o proceso de saúde e a súa relación co ambiente físico, emocional e social para coñecer os factores que poidan incidir negativamente no paciente e as súas formas de corrección
- RA 2-Analizar as condutas e comportamentos específicos da poboación galega e establecer as súas influencias sobre a saúde para poder aplicar as medidas correctoras
- RA 3- Explicar os aspectos xerais das teorías psicolóxicas sobre a formación da personalidade e comprender as reaccións diferentes das persoas.
- RA 4- Explicar que é a ansiedade, coñecer as súas causas e precisar que factores xeneran a súa aparición durante a hospitalización e as medidas para evitala.
- RA 5-Describiron o rol do enfermo e enunciaron as reaccións anómalas para corrixilas e mellorar a comunicación co paciente.
- RA 6- Enunciar as fases e características que se dan na relación paciente-sanitario, e os factores que a poden alterar así como as medidas destinadas a melloralas
- RA 7-Afrontar diversas situacións de relación con pacientes de características fisiopatolóxicas especiais, (agudos, crónicos, nenos, anciás, enfermos mentais, enfermidades neurodexenerativas) aplicando as pautas de conduta indicadas en cada caso
- RA 8- Prestar o apoio psicolóxico adecuado tanto aos pacientes como aos familiares, comprendendo a importancia desta acción para mellorar a relación paciente-sanitario, e o benestar psíquico do enfermo e o seu contorno afectivo
- RA 9-Explicar as características fundamentais dos programas de promoción da saúde e de prevención de enfermidades específicas para diminuír a súa incidencia na poboación xeral
- RA 10- Analizar a utilización das canles de información nas actividades de información-formación sanitaria para contribuír a súa difusión e a mellora da oferta asistencial

2.2.2. Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado

Criterios de avaliación do currículo

1. Analizáronse os determinantes de saúde e valoráronse especialmente os dependentes do estilo de vida
2. Clasificáronse correctamente as medidas de prevención
3. Analizáronse os axentes e campos de actuación da EpS
4. Adaptáronse a situacións reais diferentes modelos de EpS
5. Valorouse a importancia do seu papel como auxiliares de enfermería na EpS
6. Elaborouse o esquema do sistema nervioso
7. Describíronse os procesos cognitivos



8. Establecéronse os diferentes tipos de aprendizaxe
9. Representouse a pirámide de Maslow
10. Identificáronse as contribucións das teorías do desenvolto humano ao coñecemento das persoas
11. Relacionáronse as características principais coas etapas evolutivas correspondentes
12. Integráronse as características de cada etapa nos coidados de enfermería
13. Diferenciáronse os conceptos de personalidade, temperamento e carácter
14. Identificáronse os principais modelos de teorías da personalidade
15. •Identificáronse mecanismos de defensa en supostos de pacientes
16. Aplicáronse técnicas de modificación de conducta en situacións profesionais
17. Empregouse correctamente a terminoloxía da unidade: estrés, ansiedade, eustrés, distrés, ...
18. Enumeráronse e clasificáronse as causas de estrés e ansiedade
19. Identificáronse nos diferentes casos presentados ao alumno as manifestacións de ansiedade
20. Diferenciáronse os trastornos de ansiedade empregando os criterios de diagnose
21. Analizáronse os principais mecanismos para evitar ou disminuir a ansiedade dos pacientes
22. Valorouse a importancia do estrés como causa de enfermidade, e como factor negativo na recuperación dos pacientes.
23. Definíronse os conceptos de enfermidade e da patoloxía
24. Relacionáronse as etapas da historia natural da enfermidade cos niveis de prevención
25. Recoñecéronse as fases do proceso de enfermar
26. Valorouse o rol de enfermo, os dereitos e os deberes
27. Identificáronse e clasificáronse os tipos de afrontamento
28. Explicáronse as circunstancias estresantes da hospitalización
29. Valorouse a necesidade de humanizar a asistencia sanitaria
30. Esquematzáronse os elementos da comunicación interpersonal
31. Aplicáronse os aspectos relativos á comunicación verbal e non verbal, e a importancia dos mesmos no proceso de atención de enfermería.
32. Sinaláronse nun texto elementos da escoita activa: preguntas abertas, parafraseados e
33. Aplicáronse correctamente medidas facilitadoras da comunicación en pacientes con diferentes dificultades para a mesma
34. Identificáronse os elementos clave da comunicación terapéutica nos diferentes contextos sanitarios
35. Valorouse a importancia da comunicación terapéutica na práctica da enfermía para humanizar a asistencia sanitaria
36. Empregouse correctamente terminoloxía da unidade
37. Identificáronse as fases da relación de axuda
38. Resolvéronse situacións conflitivas de modo construtivo
39. Identificouse á familia como recurso e fonte de información
40. Enumeráronse as necesidades da familia nas diferentes situacións da enfermidade
41. Explicáronse as medidas de apoio que pode aplicar o auxiliar ante as necesidades da familia
 - Descríbense os problemas físicos e psicosociais dos •coidadores e os mecanismos para disminuir a ansiedade nos familiares do enfermo
42. Esquematzáronse as fases do duelo polas que pasa a familia
43. Valoráronse os principios que rexen o benestar infantil
44. Identificáronse e avaliáronse os indicadores físicos e de comportamento das diferentes tipoloxías de desprotección infantil
45. Recoñecéronse e comprendéronse as experiencias dun neno enfermo
46. Identificáronse os diferentes indicadores da dor no neno
47. Establecéronse as estratexias de intervención para reducir o impacto emocional da enfermidade e discapacidade nos nenos e familias
48. Concretáronse as medidas para contrarrestar o estrés derivado da hospitalización infantil
49. Analizáronse os cambios biolóxicos e psicosociais do envellecemento
50. Establecéronse as características da enfermidade no ancián
51. Descríbense os grandes síndromes xeriatrícos
52. Clasificáronse as demencias e definíronse as súas manifestacións
53. Estableceuse o método dunha correcta valoración xeriatrica
54. Esquematzáronse as principais escalas na valoración xeriatrica
55. Revisáronse os recursos sociosanitarios na atención xeriatrica
56. Determináronse as necesidades psicolóxicas do ancián e a actuación do auxiliar de enfermería
57. Valorouse a necesidade de dar respostas específicas ante as características especiais na atención de enfermería en xeriatría
58. Identificáronse as características da enfermidade crónica
59. Identificáronse as reaccións e necesidades do paciente crónico
60. Establecéronse as axudas e apoio psicolóxico preciso por parte do auxiliar de enfermería ante os problemas do paciente e a súa familia
61. •analizáronse os rasgos básicos das actividades de axuda das asociacións de familiares e



- enfermos de patoloxías crónicas
62. Explicáronse as características dalgúñas enfermidades crónicas
63. Aprendéronse os recursos para o manexo da dor crónica e valorouse a súa importancia na calidade de vida do paciente
64. Interpretáronse os factores de risco e vías de transmisión do SIDA
65. Diferenciáronse a enfermidade incurable e a enfermidade terminal
66. Enumeráronse as características da enfermidade terminal
67. Identificáronse e describíronse os coidados paliativos, seus instrumentos básicos e as bases terapéuticas
68. Recoñecéronse as necesidades psicolóxicas dos enfermos terminais
69. Explicáronse os mecanismos de axuda que se poden empregar en pacientes terminais
70. Interpretouse o concepto de sedación paliativa na agonía, diferenciando do concepto de eutanasia
71. Discutíronse os dilemas éticos que se presentan no coidado de pacientes terminais

3. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Considéranse como mínimos exixibles todos os criterios teóricos e prácticos indicados na presente programación

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN:

A valoración da adquisición dos resultados de aprendizaxe do módulo profesional levarase a cabo a través da realización das dúas partes da proba, por parte da persoa aspirante, ante o profesor ou profesora do módulo.

a) Primeira parte da proba. Terá carácter eliminatorio e consistirá nunha proba escrita que versará sobre unha mostra suficientemente significativa dos criterios de avaliación establecidos na programación para esta parte.

O profesor ou profesora do módulo profesional cualificará esta primeira parte da proba de cero a dez puntos. Para a súa superación as persoas candidatas deberán obter unha puntuación igual ou superior a cinco puntos. Finalizada esta primeira parte da proba, as comisións de avaliación exporán a puntuación obtida polas persoas aspirantes no taboleiro de anuncios do IES da Pobra do Caramiñal.

b) Segunda parte da proba. As persoas aspirantes que superen a primeira parte da proba realizarán a segunda, que tamén terá carácter eliminatorio e consistirá no desenvolvemento de un ou de varios supostos prácticos que versarán sobre unha mostra suficientemente significativa dos criterios de avaliación establecidos na programación para esta parte.

O profesor ou profesora do módulo profesional cualificará esta segunda parte da proba de cero a dez puntos. Para a súa superación as persoas candidatas deberán obter unha puntuación igual ou superior a cinco puntos. As persoas que non superen a primeira parte da proba serán cualificadas cun cero nesta segunda parte. Finalizada esta segunda parte da proba, as comisións de avaliación exporán as puntuacións obtidas no taboleiro de anuncios do IES da Pobra do Caramiñal.

Os membros da comisión de avaliación poderán excluír de calquera parte da proba dun determinado módulo profesional as persoas aspirantes que leven a cabo calquera actuación de tipo fraudulento ou incumplan as normas de prevención, protección e seguridade, sempre que poidan implicar algún tipo de risco para si mesmas, para o resto do grupo ou para as instalacións, durante a realización das probas. Neste caso, o profesor ou a profesora do módulo profesional cualificará esa parte da proba do módulo cun cero.

AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E RECLAMACIÓN:

A avaliación da proba libre realizarase nos termos previstos no artigo 37 da Orde do 12 de xullo de 2011 e a expresión da cualificación final obtida por cada aspirante no presente módulo profesional será numérica, entre un e dez, sen decimais.

A cualificación final correspondente da proba do módulo profesional será a media aritmética das cualificacións obtidas en cada unha das partes, expresada con números enteiros, redondeada á unidade máis próxima. No caso das persoas aspirantes que suspendan a segunda parte da proba, a puntuación máxima que poderá asignarse será de catro puntos.

As persoas aspirantes poderán presentar reclamación contra as cualificacións finais alcanzadas do módulo no IES da Pobra do Caramiñal, consonte o procedemento establecido no artigo 45.2 da citada Orde do 12 de xullo de 2011. As referidas reclamacións deberán basearse nalgún dos seguintes aspectos:

a) A avaliación que se levou a cabo non foi adecuada aos resultados de aprendizaxe e os criterios de avaliación recollidos na correspondente programación.

b) Os instrumentos de avaliación aplicados foron inadecuados, conforme o sinalado na programación.

c) A aplicación dos criterios de cualificación establecidos na programación para a superación das partes da proba do módulo profesional non foi correcta.

4. Características da proba e instrumentos necesarios para o seu desenvolvemento

4.1. Primeira parte da proba

Consistirá nunha proba escrita de preguntas tipo test de resposta única, e/ou preguntas de verdadeiro/falso, e/ou preguntas curtas, e/ou preguntas a desenvolver e/ou imaxes, na que se desenvolverán todos aqueles CA (criterios de avaliación) sinalados anteriormente (apartado 2.1.2.). Esta proba ten carácter eliminatorio.

As pautas para a realización de dita proba son as seguintes:

- As preguntas mal respostadas puntuarán negativo, cunha proporción 2:1, é dicir, cada pregunta mal respostada, restará a metade do valor dunha pregunta correctamente respostada.
- As preguntas non respostadas non puntuarán, nin positiva nin negativamente.
- Para a superación de esta proba deberá obterse unha cualificación de cinco puntos ou máis.
- A duración da proba teórica será de 2 horas.
- Unicamente serán correxidas as respostas recollidas na planilla de respostas proporcionada polo profesor ou profesora, as cales deben ser perfectamente lexibles. No caso contrario ou dobre resposta, contarán como negativa.
- Para a realización da proba será necesario o uso de bolígrafo azul non borrable. Non está permitido o uso de correctores tipo "Typex".
- Non se permitirá o acceso á sala do exame con móbiles ou outros dispositivos electrónicos, como reloxs intelixentes.
- Será necesaria a identificación mediante DNI ou pasaporte, que deberá estar a disposición do profesorado, enriba da mesa.
- Ao finalizar a proba, deixarase a plantilla de respostas volteada enriba da mesa, xunto coas preguntas do exame.
- Non estará permitido sacar da aula onde se realiza a proba ningún documento.

4.2. Segunda parte da proba

. As persoas aspirantes que superen a primeira parte da proba realizarán a segunda, que tamén terá carácter eliminatorio e consistirá no desenvolvemento de un ou varios supostos prácticos que versarán sobre unha mostra suficientemente significativa dos CA (criterios de avaliación) sinalados anteriormente (apartado 2.2.2.) desta programación.

Para a superación de esta proba o alumnado deberá acadar unha puntuación mínima de cinco puntos.

A duración da proba práctica será de 2 horas. Para a realización da proba será necesario o uso de bolígrafo azul non borrable. Non está permitido o uso de correctores tipo "Typex".

Non se permitirá o acceso á sala do exame con móbiles ou outros dispositivos electrónicos, como reloxs intelixentes.

Será necesaria a identificación mediante DNI ou pasaporte, que deberá estar a disposición do profesorado.